

FOLLA DE ENCARGA PARA A ELABORACIÓN DA IMAXE GRÁFICA E DO MANUAL DE USO DO PROCESO DE ARTICULACIÓN DA ÁREA METROPOLITANA DA CORUÑA (AMAC).

1. OBXECTO.

Os concellos da área urbana da Coruña atópanse inmersos no impulso do proceso de articulación da área metropolitana da Coruña (en diante, AMAC).

Para iso estanse desenvolvendo unha serie de actuacións, actividades, reunións de traballo, etc., tendentes a acordar un modelo de gobernanza territorial baseado nunha óptima prestación de servizos públicos.

Ao obxecto de identificar correcta e inequivocamente as actuacións incluídas no seu programa de traballo, expónse a necesidade, oportunidade e conveniencia de proceder ao deseño dunha imaxe gráfica que reflecta e identifique o proceso que está a seguir de forma conxunta.

A imaxe gráfica, que necesariamente incorporará un lema, deberá ser identificativa dos obxectivos que se perseguen e do territorio afectado polo proxecto (a documentación vinculada á estratexia metropolitana da Coruña pódese atopar no seguinte URL: <http://www.coruna.gal/estratexia-metropolitana-amc/gl>)

A imaxe gráfica que se expón deberá ter a posibilidade de ser adaptada a distintos formatos. A iconografía deberá transmitir e comunicar os valores principais da “marca” do proceso metropolitano; ademais de ser sinxela, clara e directa. Deberá identificarse co proceso de traballo, coa área territorial implicada e non se vinculará coa imaxe corporativa dos concellos participantes nin como opción política ou partidaria algunha.

2. MANUAL DE IMAXE GRÁFICA DO PROCESO DA AMAC.

Dado o carácter temporal do proceso impulsado, a empresa adxudicataria terá que redactar un breve manual (non exhaustivo) de identidade gráfica do que deberá entregar dez exemplares impresos e encadernados e unha versión en soporte informático. O logo coa imaxe e o lema presentárase en, polo menos seis formatos dixitais: coas extensións .jpg; .gif; .pdf; .eps; .ai; .tif.

No Manual de Imaxe deberá de figurar polo menos:

- Imaxe gráfica (institucional) do proceso metropolitano: logotipo e lema, símbolo, versións, marca, tipografías complementarias e auxiliares, composición do logo-lema en coordinación co logotipo-nomee dos concellos, (como mínimo en positivo e negativo, en cuatricromía e a unha e dúas tintas –indicando sempre as cores pantone– co escalado de medidas e corpos, coas indicacións tipográficas necesarias para o desenvolvemento dunha liña de comunicación visual e gráfica consistente e con aplicacións en impresos e documentos).
- Papelería: plantilla de carta (incluíndo plantilla en Word), sobres, cartón de visita, cartafol, bloc de notas, invitación, folla de fax, selos, bolsas e papel.

- **Comunicación:** anuncio en prensa (cuatricromía e branco e negro, maquetación, formato vertical e formato horizontal), cartel, panel de prensa, panel de xornadas.
- **Publicación:** Folletos, dípticos e trípticos (maquetación e versións), mapas, guías, dvd ou cd-rom promocionais, publicacións oficiais de carácter institucional e xenérico, guía de deseño gráfico
- **Elementos de promoción**
- **Aplicacións en entornos web** (especialmente en <http://www.coruna.gal/estratexia-metropolitana-amc/gl>) e nas diversas redes sociais nas que o concello da Coruña o os da área urbana da Coruña teñan presenza.

3. OBXECTIVOS.

Os obxectivos perseguidos con esta actividade son:

- **Difusión do proceso de articulación do AMAC**
- **Homoxeneización do material promocional e medios de difusión do proceso de articulación do AMAC**

4. CONDICIÓNS XERAIS

Protección de Datos

Respecto de todos os servizos obxecto do presente contrato, e en especial do referente ao tratamento de datos persoais facilitados polo Consorcio Turístico, en calquera das fases de execución dos servizos contratados, a empresa adxudicataria comprométese a cumprir estritamente o que se dispón na Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria; a Lei 1/98, do 26 de febreiro, de Dereitos e Garantías dos Contribuíntes; e a Lei Orgánica 15/99, do 13 de decembro, pola que se regula a Protección de Datos de Carácter Persoal.

De conformidade co disposto na lexislación vixente respecto da protección de datos a empresa adxudicataria comprometerase a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativas, que garantan a seguridade dos datos que lle sexan facilitados ou aos que teña acceso, a fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado, visto o estado da tecnoloxía, a natureza dos datos e os riscos a que estes se atopan expostos, xa proveñan da acción humana ou do medio físico ou natural.

Propiedade intelectual. Licenzas e dereitos

Calquera dos desenvolvementos de software a realizar e que queden en utilización, enténdese que se farán sen necesidade de incorrer en adquisición ou pago de licenzas de software que incrementen os custos do proxecto. Deste xeito, poderanse utilizar ferramentas de software libre sempre que a solvencia técnica dos entregables sexa satisfactoria.

Todos e cada un dos software, grafismos, deseños, imaxes, etc. que se empreguen ou cren para o desenvolvemento deste proxecto serán propiedade do Concello da Coruña. A empresa adxudicataria cederá todos estes dereitos ao Concello da Coruña, non séndolle posible utilizar os resultados deste proxecto en ningún outro sitio que non sexa autorizado previamente polo Concello da Coruña.

Vixencia do Proxecto

A vixencia do presente proxecto será ata a finalización dos servizos requiridos para a posta en funcionamento do obxecto do mesmo. Estímase que este tempo non poderá superar o mes e medio a contar desde a data da primeira reunión de traballo que se establecerá como o evento iniciador do proxecto (tras o VºBº da Mesa de Alcaldes e Alcaldesa á maqueta do logo e ao lema).

5. CONDICIÓNES ESPECIAIS

A adxudicataria asume a obrigaón de responder, de forma solidaria, a calquera reclamación que calquera dos concellos da área urbana da Coruña poida recibir como consecuencia da explotación, en calquera das modalidades mencionadas, das pezas, creacións e datos obxecto da presente contratación.

A Coruña, 5 de outubro de 2017

O Xefe de Servizo de Alcaldía,

Fdo.- José Manuel Pena Penabad.